



PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

CURSO 2020-21

NORMATIVA REGULADORA

- DECRETO 254/2012, do 13 de decembro (DOG 26-12-201)
- ORDE do 12 de marzo de 2013 (DOG 15-03-2013)
- ORDE do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01-02-2017)
- RESOLUCIÓN do 5 de maio de 2020 (DOG 06-05-202)

VACANTES PROVISIONAIS OFERTADAS

CURSO	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC CIENCIAS	1º BAC HUM./CC.SS	2º BAC CIENCIAS	2º BAC HUM./CC.SS
VACANTES	1	10	0	21	0	1	13	6

PAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN: DO 1 AO 20 DE MARZO.

PRORROGADO DO 11 AO 18 DE MAIO.

PROCEDIMENTO:

A) CUBRIR A SOLICITUDE: O impreso ED550B de Solicitud de Admisión pódese cubrir:

1. A través da aplicación de xestión do proceso «admisionalumnado»

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>

mediante a secuencia de menús: Solicitudes > Admisión > Crear. Pódese descargar un manual de axuda desta mesma páxina.

2. Descargándoo na apropiada aplicación ou en <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/26923>, para cubri-lo posteriormente.
3. Recolléndoo no centro para cubri-lo a man.

B) PRESENTAR A SOLICITUDE. Pódese facer:

1. De forma presencial no centro docente indicado como primeira opción, xunto coa documentación necesaria (Ver máis abaixo).
2. Se optou por cubrir a solicitude na aplicación “admisionalumnado”, e dispón de certificado dixital, DNI electrónico ou Clave365, poderá presentar a solicitude na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, achegando a documentación escanada.

Lembre que en calquera caso a solicitude deberá estar asinada por todas as persoas que autoricen a consulta de datos e polos proxenitores/representante legal.

INFORMACIÓN:

- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A infracción desta norma determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

- Cada solicitude poderá conter unha relación de ata seis centros, por orde de preferencia.
- **O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao seu centro de orixe.**
- **O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.**
- A renuncia a unha solicitude de admisión rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes. Logo do remate dos prazos indicados a solicitude será vinculante.
- No caso de que **o número de solicitudes de admisión supere o número de vacantes procederase a baremar as solicitudes.** Nese caso, **o prazo de presentación da documentación xustificativa** dos criterios alegados para o baremo será dende o día seguinte ao prazo de presentación de solicitudes **ata o día 26 de maio de 2020.** (Ver o documento “Documentación para o baremo”)
- **Calendario:**
 - Exposición das listas provisionais de admitidos e non admitidos: antes do 9 de xuño.
 - Prazo de reclamacións ás listas provisionais: 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación.
 - Exposición das listas definitivas de admitidos e non admitidos: 26 de xuño.
 - Prazo de formalización de matrícula para ESO e Bacharelato: do 1 ao 10 de xullo
 - Prazo extraordinario de formalización da matrícula: do 1 ao 10 de setembro.

DOCUMENTACIÓN QUE SE TEN QUE ACHEGAR XUNTO COA

SOLICITUDE DE ADMISIÓN:

- **Solicitude de Admisión asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais, e por todas as persoas que autoricen a consulta de datos.** No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída con carácter exclusivo a un deles, ou en situacións de violencia de xénero. En ambos casos, será necesario presentar a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo.
- **Copia do DNI do/a alumno/a, do libro de familia ou doutro documento acreditativo da idade do/a alumno/a.**
- **Certificado oficial do expediente académico (ou boletín de notas) do/a alumno/a no presente curso.**
- **No caso de non autorizar a consulta telemática:** DNI dos proxenitores e dos outros membros computables da unidade familiar.
- Se é o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

- Se é o caso, documentación xustificativa da solicitude dunha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

NOTA: EN TODAS ÁS SOLICITUDES DEBE ESTAR CUBERTA A SECCIÓN RENDA PER CÁPITA (renda, nº membros unidade familiar e renda per cápita), **independentemente de que se permita ou denegue a consulta de datos fiscais.**

Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do **ano 2018**; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 29 de febreiro de 2020.

Ourense, 6 de maio de 2020.



O SECRETARIO

